

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A programación didáctica é un instrumento pedagóxico e didáctico co que conta o corpo docente para artellar de xeito flexíbel as actuacións precisas e acadar co alumnado obxectivos e competencias que nos dá o currículo para cada etapa e materia. A programación didáctica debe establecer prioridades no proceso de aprendizaxe (nas súas dúas acepcións de adquirir e transmitir coñecementos), así como clasificar os obxectivos e contextualizar os contidos do currículo. Deste xeito, unha programación didáctica debe presentar de forma coherente diferentes partes relacionadas entre si para acadar o éxito. Estas partes son: obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía e avaliación. Así mesmo, debe desenvolver mecanismos para integrar todo o alumnado no proceso de aprendizaxe e facer unha educación inclusiva. Daquela, a atención á diversidade transfórmase nun elo central para o alumnado con necesidades específicas. Só deste xeito podemos garantir o acceso ao ensino en equidade.

Se fixermos ben o noso traballo como docentes, o alumnado terá unha aprendizaxe intelixente e así comprenderá mellor o mundo que o rodea. É moi importante potenciar a súa creatividade así como a reflexión sobre temas de actualidade, afondando con rigor nos contidos, para ter unha educación o máis global posíbel. Así é como desenvolvemos no estudantado o pensamento crítico e o descubrimento das súas competencias, que indican as súas capacidades de aplicar e adaptar o aprendido a novas situacións e contextos.

Esta programación didáctica baséase nos seguintes textos legais:

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria

obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, con relación á exención da materia de lingua galega.

Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

O IES Alexandre Bóveda é un centro radicado na cidade de Vigo, no barrio de Coia. Este barrio é un dos máis populosos da cidade, con máis de 30.000 habitantes. Medrou moito a partir dos anos 60, despois da construción dun polígono de vivendas, e hoxe converteuse nunha zona con moito espazo verde e moi dinámica.

O centro ten máis de 800 estudantes e a súa oferta educativa consta de ESO e Bacharelato, con tres especialidades: científico-técnico, de ciencias sociais e humanidades e, finalmente, de artes (música e artes escénicas). Alén disto, ten catro centros de primaria adscritos: CEIP Seis de Nadal, Balaídos, Illas Cíes e Virxe do Rocío. O alumnado pertence, maioritariamente, a familias de clase media traballadora. Por regra xeral, temos pouco alumnado estranxeiro ou de fóra da comunidade, que acostuma ter unhas horas lectivas semanais por curso en agrupamentos específicos para a súa mellor integración.

A materia de Lingua Galega e Literatura, de libre configuración autonómica, é importante no desenvolvemento cognitivo e persoal do alumnado porque, á parte dos coñecementos académicos que achega, é un espazo de recoñecemento mutuo dos valores e patrimonio que Galiza posúe como nación. A lingua galega e as súas manifestacións culturais poden ser o lugar onde a nosa xuventude reafirme o sentimento de pertenza e se sinta orgullosa do noso, da nosa identidade como pobo. Tamén o alumnado debe coñecer e valorar a capacidade comunicativa da nosa lingua coa lusofonía, da que o galego fai parte por termos unha orixe común.

Para sabermos o grao de uso da lingua galega entre o noso alumnado fixemos unha enquisa sociolingüística a principios de 2020. Segundo os datos que deitou esa enquisa o alumnado do IES Alexandre Bóveda é maioritariamente castelanfalante. Máis dun 90% aprendeu a falar en castelán, aínda que logo di que non ten dificultades para se expresar en galego. Menos dun 4% declárase galegofalante, aínda que logo esa porcentaxe sobe até un 45% se os interlocutores son os avós. Talvez o dato para a esperanza o temos na cuestión 12 da enquisa en que lles preguntabamos cal é a lingua que utilizan se lles falan en galego. Un 76,3% respondeu que nese suposto sempre fala en galego. Teríamos que saber se esta resposta é verdade ou se só expresa o que o alumnado quere que creamos. Se fose certa a resposta moitas situacións que se desenvolven en castelán pasarían a se desenvolver en galego só con que un dos interlocutores falase esa lingua. Así que temos traballo abondo para acadar a total normalización lingüística no noso centro.

A materia de Artes Escénicas de 1º e 2º de Bacharelato, troncal na modalidade de Artes, está adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura desde o curso 2008-2009. Esta materia impártese en lingua galega e, polas súas características académicas, contribúe á normalización lingüística do centro a través do desenvolvemento de actividades prácticas que se concretan nunha función anual no salón de actos do instituto.

A Programación pretende ser a ferramenta que facilite as seguintes tarefas:

Planificar o traballo de maneira eficaz.

Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado

Estabelecer pautas para a avaliación.

A situación creada a partir do estado de alarma e confinamento da poboación pola pandemia de Covid-19 que se prolongou de marzo a xuño de 2020 fixo que o alumnado non seguisse as aulas co aproveitamento programado. Así que houbo que desenvolver rapidamente a actividade en liña e unha parte do temario ficou sen impartir. Por este motivo, durante o curso (2020-2021) a aula virtual converteuse nun recurso importante. As nosas actividades docentes a partir de entón, tanto na modalidade de ensino presencial como a docencia en liña, teñen un alicerce importantísimo na aula virtual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Fonética e fonoloxía. Unidade e diversidade das linguas. Comentario de textos	Estudo en profundidade da fonética e fonoloxía galega, coas características máis salientábeis do sistema. Peculiaridades da sílaba e trazos suprasegmentais. Estudaremos as variedades lingüísticas das linguas en xeral e os límites xeográficos da lingua galega, así como as variedades diatópicas da nosa lingua.	10	10	X		
2	UNIDADE 2: Morfoloxía. Os morfemas. A lingua común ou variedade estándar. Conflito lingüístico e prexuízos.	Pescudaremos sobre a estrutura da palabra, os morfemas, os tipos de palabras e a súa formación. Tamén falaremos do proceso de estandarización do galego e as desviacións da norma culta. Finalizaremos con préstamos e interferencias. Definiremos os conceptos de conflito lingüístico e diglosia e tentaremos erradicar e reflexionar sobre os prexuízos lingüísticos.	10	10	X		
3	UNIDADE 3: Sintaxe. A situación sociolingüística de Galiza	Estudaremos as unidades e funcións sintácticas da frase e da cláusula. Tamén veremos a tipoloxía das cláusulas. Falaremos da situación sociolingüística de Galiza así como dos factores que configuran a situación actual. Fixarémono na situación legal da lingua e definiremos os conceptos de lingua minorizada e normalización lingüística.	10	9	X		
4	UNIDADE 4: Semántica. A relacións semánticas. O cambio semántico. As funcións e ámbitos de uso da lingua.	Comprobaremos a relación que existe entre significativo, significado e referente. Distinguiremos entre connotación e denotación. Descubriremos que son os trazos semánticos ou semas. Profundizaremos no concepto de campo semántico e daremos as chaves para a definición de palabras. Veremos as diferenzas entre sinonimia, polisemia, homonimia e antonimia. Veremos as relacións de inclusión como hiperonimia, hiponimia, cohiponimia e meronimia. Tamén falaremos das causas do cambio semántico e os seus tipos. Finalmente, abordaremos os conceptos de competencia e usos lingüísticos, así como as funcións sociais da lingua.	10	10		X	
5	UNIDADE 5: A lingua galega entre 1900 e 1936. A poesía e o teatro no tempo das Irmandades da Fala.	Estabeleceremos os contextos demográfico, económico e sociopolítico. Falaremos da situación da lingua e dinámica sociolingüística, así como de iniciativas normalizadoras. Tamén estudaremos o	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	UNIDADE 5: A lingua galega entre 1900 e 1936. A poesía e o teatro no tempo das Irmandades da Fala.	proceso de estandarización e as características lingüísticas do galego enxebriستا. Estudaremos a poesía e o teatro nos tempos das Irmandades.	10	10		X	
6	UNIDADE 6: A consolidación da narrativa galega e o Grupo Nós. As vangardas e a literatura galega. Panorama da renovación literaria galega..	Estudaremos as Irmandades e a consolidación da narrativa galega falando dos escritores do Grupo Nós: Risco, Otero e Castelao. Desenvolveremos o tema das vangardas artístico-literarias do primeiro terzo do s.XX. A seguir, xa nos centraremos nas vangardas galegas e as revistas e xornais da época. Estudaremos a chamada xeración dos novecentistas. Na renovación literaria veremos todos os xéneros: poesía, prosa, ensaio e xornalismo.	10	9		X	
7	UNIDADE 7: A lingua galega durante o franquismo. A literatura galega na diáspora. A poesía na Galiza interior. A xeración dos 50.	Analizaremos o contexto histórico e sociolingüístico. Falaremos de resistencia lingüística e cultural. Veremos o labor cultural do exilio galego. Faremos un repaso á poesía, teatro, narrativa e ensaio na diáspora. Veremos tamén a evolución desde o silencio á lenta recuperación da poesía na Galiza interior. Estudaremos as principais tendencias da poesía galega de posguerra. Estudaremos os poetas de posguerra con especial atención a Celso Emilio Ferreiro. Estudaremos tamén a Promoción de Enlace. Finalmente, veremos o grupo de autores e autoras da xeración dos 50 e a renovación da poesía galega.	10	10			X
8	UNIDADE 8: A narrativa e o ensaio entre 1936 e 1975. O teatro durante a ditadura.	Estudaremos a narrativa de posguerra con especial atención á Nova Narrativa Galega. Tamén analizaremos o teatro de posguerra con atención á xeración dos 50. Avanzaremos cara aos anos 60 e 70 para estudar a aparición do teatro independente e a Mostra de Ribadavia.	10	10			X
9	UNIDADE 9: A lingua galega na actualidade. Tendencias da literatura galega actual: narrativa, ensaio, poesía e teatro.	Descubriremos o contexto sociopolítico da lingua galega na actualidade e as súas características. Veremos a narrativa e o ensaio galegos nas últimas décadas. Finalmente, estudaremos a poesía e o teatro actuais.	20	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1: Fonética e fonoloxía. Unidade e diversidade das linguas. Comentario de textos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).	PE	50
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe caracterizar os fonemas vocálicos e consonánticos.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego.	TI	50
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras do primeiro terzo do século XX (de 1926 a 1936).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2: Morfoloxía. Os morfemas. A lingua común ou variedade estándar. Conflito lingüístico e prexuízos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades xeográficas, as variedades sociais e as variedades situacionais.	PE	70
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Realiza a lectura dun ensaio literario sobre a biografía e obra dun poeta da época de vangarda e interpreta pasaxes deste.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Establece vínculos entre o ensaio literario lido nesta unidade e outras obras de actualidade.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identifica ditongos, tritongos e hiatos nun texto en prosa proporcionado pola/o docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recolle o sentido global da información que se transmite nunha conferencia sobre a toponimia galega no concello de Bueu. Analiza a intención do emisor. Valora se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.	TI	30
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os trazos distintivos da poesía galega de vangarda en textos da época achegados pola/o docente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3: Sintaxe. A situación sociolingüística de Galiza	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Diferencia os procedementos de formación de palabras.	PE	25
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Distingue os trazos diferenciadores dos tres bloques dialectais (occidental, central e oriental).	TI	75
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación oral formal sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Acode á biblioteca do seu centro para buscar textos do Grupo Nós e le algúns fragmentos das obras máis representativas. Comparte a súa experiencia lectora e establece vínculos con outras obras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4: Semántica. A relacións semánticas. O cambio semántico. As funcións e ámbitos de uso da lingua.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Coñece o proceso de normativización do galego moderno e é quen de argumentar sobre a importancia da normativización no desenvolvemento das linguas modernas.	PE	40
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico).		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.	TI	60
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Reflexiona sobre o que son as fake news ou noticias falsas que aparecen nas redes sociais e adoitan interesar a moito público co obxectivo de desacreditar a algunha persoa ou institución e conseguir visitas cun fin económico. É quen de identificalas e atopar as fontes fidedignas adecuadas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5: A lingua galega entre 1900 e 1936. A poesía e o teatro no tempo das Irmandades da Fala.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha peza teatral pertencente á literatura galega do exilio. Establece vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.	PE	45
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Domina a información sociohistórica, cultural e artística da época correspondente á Nova Narrativa Galega e da literatura galega do exilio.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os verbos e as perífrases verbais existentes nun fragmento dunha obra narrativa da época literaria que se estuda nesta unidade que lle será achegado pola/o docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Contrasta, en diferentes xornais, tanto en formato dixital coma impreso, a presenza que ten o galego e fai unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.	TI	55
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora unha monografía de compilación, por parellas, que publicará posteriormente na revista dixital do centro atendendo á corrección gramatical e ortográfica. Este será o traballo que deberán presentar para a segunda avaliación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6: A consolidación da narrativa galega e o Grupo Nós. As vangardas e a literatura galega. Panorama da renovación literaria galega..	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece estereotipos e prexuízos lingüísticos en textos achegados pola/o docente.	PE	30
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Clasifica os distintos tipos de perífrases que hai nun fragmento dun texto teatral do século XX que lle achegará a/o docente		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Elabora un ensaio de carácter expositivo atendendo ao uso axeitado das formas verbais, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.	TI	70
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora unha presentación multimodal na que establece vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A litera-

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7: A lingua galega durante o franquismo. A literatura galega na diáspora. A poesía na Galiza interior. A xeración dos 50.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Contrasta, en manifestacións escritas, as diferenzas lingüísticas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica.	PE	55
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica, en textos en prosa achegados pola/o docente, oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo e subordinadas adverbais).		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	A partir dun artigo científico achegado pola/o docente, o alumnado identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura	TI	45
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Realiza, de xeito individual, un booktráiler que divulgará nunha rede social sobre un poema que poderá escoller (de entre os publicados dende 1976 á actualidade). No booktráiler dará a súa opinión atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8: A narrativa e o ensaio entre 1936 e 1975. O teatro durante a ditadura.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor nunha entrevista.	PE	70
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e interpreta fragmentos dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Utiliza información sociohistórica e cultural para interpretar esa novela e comprender o seu lugar na tradición literaria.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas en oracións compostas por subordinación, a partir de exemplos achegados pola/o docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do galego e do portugués.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9:A lingua galega na actualidade. Tendencias da literatura galega actual: narrativa, ensaio, poesía e teatro.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os elementos constitutivos do teatro de 1976 á actualidade e a súa relación co sentido da obra.	PE	20
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Detecta prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora o contido e a forma de textos científicos avaliando a súa calidade e fiabilidade.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un traballo de investigación que publicará na revista dixital do centro educativo sobre o futuro da lingua galega en 2050 localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica utilizando ferramentas dixitais.	TI	80
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Procura de xeito autónomo e selecciona a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores e que expoñerá, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabi-

Contidos

- lidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-pios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A programación didáctica desenvolverase de acordo cos seguintes principios metodolóxicos xerais. O profesorado da materia poderá adaptar a metodoloxía a cada caso concreto, segundo estime conveniente en función das características e circunstancias do seu alumnado.

Enfoque comunicativo: Promoverase a aprendizaxe da lingua galega como instrumento de comunicación mediante a realización de actividades prácticas que supoñan un intercambio comunicativo xenuíno ou simulen situacións de comunicación reais.

Atención á forma: Prestaráselle atención explícita á gramática e ao léxico da lingua para asegurar o desenvolvemento da competencia lingüística necesaria. A realimentación correctiva axustarase ao tipo de práctica (controlada ou libre) e á importancia ou persistencia do erro. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos.

Destrezas básicas: Todas as unidades didácticas incluírán actividades prácticas estruturadas das catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos: responder preguntas de comprensión, conversa, ditado, redacción, etc.

Metodoloxía activa: Empregarase unha metodoloxía activa e participativa que favoreza o traballo individual e cooperativo do alumnado.

Traballo en equipo: As actividades realizadas en parellas ou grupos multiplican o tempo de práctica oral do alumnado; son especialmente axeitadas para clases numerosas e heteroxéneas.

Motivación: Empregaranse materiais acordes cos intereses do alumnado

para estimular a súa motivación, especialmente materiais audiovisuais como cancións ou vídeos.

Autonomía: Realizaranse actividades que, na medida do posíbel, teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a autonomía do alumnado de cara á aprendizaxe da lingua galega.

Uso das TIC: Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Proxectos: Poderán realizarse proxectos e outras actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado desenvolver máis de unha competencia ao mesmo tempo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
González Avión, Isabel, Ínsua López, Emilio Xosé (2023). Lingua Galega e Literatura. A Coruña. Baía Edicións
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo: Xerais.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fichas fotocopiábeis: Os materiais para o profesorado do libro de texto inclúen numerosas fichas fotocopiábeis de diferentes niveis que poderán usarse para reforzo, consolidación ou ampliación dos contidos.
Aula virtual: O instituto dispón dunha aula virtual en liña onde o profesorado pode crear cursos cunha morea de actividades de diferentes tipos (apuntamentos, tarefas, cuestionarios, etc.) e con distintas finalidades (reforzo, consolidación, ampliación, avaliación, etc.).
Encerado dixital interactivo: Case todas as aulas dispoñen dun encerado dixital interactivo que permite a completa integración nas clases dos materiais audiovisuais e das TIC.
Outros materiais: Poderán usarse, así mesmo, outros materiais diversos seleccionados polo profesorado: materiais impresos, gravacións, vídeos, etc.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rivas, Manuel (1998). O lapis do carpinteiro. Vigo. Xerais.
Murado, Miguel Anxo (1995). Ruído. Relatos de guerra. Vigo. Galaxia.

Os materiais e recursos didácticos relacionados empregaranse no desenvolvemento da programación desta materia. O libro de texto é o recurso principal: ofrece materiais adecuados na lingua galega de xeito conveniente para o alumnado e o profesorado. Os recursos electrónicos son

complementarios e o profesorado da materia fará uso dos que estime convenientes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado a fin de diagnosticar posíbeis dificultades individuais ou colectivas e axustar a acción docente ás necesidades dos seus alumnos e alumnas. Cada profesor/a determinará que procedementos son os máis apropiados para realizar esta avaliación en cada grupo de alumnos/as en función das circunstancias particulares do grupo. Dado que o obxectivo desta avaliación non é cualificar o alumnado, senón obter información para orientar a actividade docente, os procedementos seguintes poden considerarse especialmente apropiados:

1. Revisión do expediente do alumnado novo co fin de coñecer a cualificación obtida na materia en cursos anteriores e, no seu caso, as medidas de reforzo educativo adoptadas.
2. Cuestionario que permita coñecer os intereses e motivación do alumnado en relación á aprendizaxe da lingua galega, así como as súas fortalezas e debilidades.
3. Proba diagnóstica global breve seguida dun estudo máis detallado do alumnado que teña resultados atípicos.

Unha vez realizada a avaliación inicial, adoptaranse, en caso necesario, as medidas de atención á diversidade máis adecuadas, coa conformidade do alumnado e os seus pais, nais ou tutores legais, e co asesoramento do departamento de orientación e da xefatura de estudos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	20	100
Proba escrita	50	70	25	40	45	30	55	70	20	42
Táboa de indicadores	50	30	75	60	55	70	45	30	80	58

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións parciais. O profesorado avaliará o desempeño do alumnado con respecto dos contidos e criterios de avaliación referidos na epígrafe 3 desta programación didáctica e detallados a continuación. Aínda que cada avaliación se centrará nos contidos impartidos, tratándose dunha materia de avaliación continua e progresiva, tamén poderá avaliarse a consolidación de contidos de avaliacións previas.

A cualificación de cada trimestre obterase tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Proba(s) escrita(s) de avaliación

Versarán sobre os contidos impartidos en clase a partir do libro de texto e apuntamentos.

Se se realiza máis de unha proba escrita, acharase a media aritmética entre elas.

Ortografía: cada erro ortográfico baixará a cualificación das probas escritas 0,10 puntos até un máximo de 2 puntos.

b) Libros de lectura

O alumnado lerá un mínimo de tres libros ao longo do curso ou unha escolma de textos literarios a proposta do departamento.

A lectura destes libros será obrigatoria.

Realizarase unha proba individual de comprobación de lectura de cada un dos libros ou un traballo.

Cada lectura voluntaria realizada polo alumnado poderá mellorar a cualificación da avaliación até un máximo de 0,5 puntos, atendendo aos criterios marcados polo profesorado.

c) Probas de control de estudo e tarefas realizadas na clase e na casa

Poderán realizarse en calquera momento e sen previo aviso.

Versarán sobre a materia dada en clase nas últimas semanas ou días.

d) Caderno (só na ESO)

Todos os alumnos e alumnas deben ter un caderno da materia. O profesorado poderá revisar e/ou recoller os cadernos do seu alumnado en calquera momento. Nesta revisión valoraranse os seguintes aspectos: presentación, organización de contidos, realización de todas as tarefas, fotocopias facilitadas polo profesorado ben coladas...

e) Traballos

O profesorado de Lingua Galega e Literatura poderá propor ao seu alumnado diferentes traballos obrigatorios ao longo do curso.

Os traballos obrigatorios e voluntarios serán individuais ou grupais.

Non se cualificarán os traballos que non se axustaren aos criterios esixidos polo profesorado.

O alumnado terá que expor oralmente o seu traballo se así llo indica o profesor ou profesora.

O profesorado poderá propor traballos voluntarios ao seu alumnado.

O profesorado indicará o tema e as características que deben cumprir os traballos voluntarios.

Estes traballos voluntarios computarán sempre positivamente até un máximo de 0,5 puntos e sumaranse á cualificación final da avaliación.

Considerarase traballo voluntario a participación en actividades complementarias organizadas por este departamento didáctico como a revista do centro, concursos literarios ou similares, tanto orais coma escritos.

Poderase solicitar a entrega de traballos a través da Aula Virtual ou correo electrónico.

Os traballos poden ser entregados de forma escrita ou en forma de gravacións de audio e vídeo

f) Oralidade

Será preceptivo o uso oral da lingua galega por parte do alumnado.

O alumnado terá que expor oralmente un ou máis traballos se así llo indican o profesor ou profesora.

En cada trimestre as puntuacións obtidas polo alumnado nos instrumentos de avaliación utilizaranse no intervalo 0,00-10,00 e aplicaráselles as ponderacións indicadas a continuación a fin obter a puntuación trimestral, que será un número de dúas cifras decimais entre 0,00 e 10,00.

Ponderación de contidos:

- Probas escritas de avaliación: 60%
- Libros de lectura obrigatoria: 10%
- Probas de control, tarefas, actividades, caderno e traballos: 15%
- Oralidade: 15%

A cualificación trimestral obtérase redondeando a puntuación trimestral ao número enteiro máis próximo no intervalo 0-10 e outorgando a cualificación cualitativa correspondente: «sobresaliente» (9-10), «notable» (7-8), «ben» (6), «suficiente» (5), ou «insuficiente» (0-4).

A materia de Lingua Galega e Literatura cualifícase en avaliación progresiva, seguindo os criterios de ponderación establecidos. Porén, o profesorado poderá realizar as probas de recuperación de avaliación que se

precisen para un correcto desenvolvemento da mesma.

Ao finalizarmos as tres avaliacións obteremos unha cualificación media ponderada, segundo as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación 40%

A avaliación do terceiro trimestre e a avaliación final coincidirán no tempo, consonte ás "Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e de bacharelato".

Se o alumnado levar a cabo métodos fraudulentos demostrábeis na realización dunha proba escrita de avaliación ou en calquera outra actividade proposta polo profesorado, perderá automaticamente o dereito á cualificación da dita proba.

Criterios de recuperación:

A materia de Lingua Galega e Literatura cualifícase en avaliación progresiva, seguindo os criterios de ponderación establecidos. Porén, o profesorado poderá realizar as probas de recuperación de avaliación que se precisen para un correcto desenvolvemento da mesma.

A proba extraordinaria de Bacharelato prevista pola Orde do 25 de xaneiro de 2022 realizarase en xuño nos días establecidos polo centro e serve para darlle ao alumnado que non superou a avaliación final ordinaria a oportunidade de recuperar a materia.

Esta proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita deseñada para avaliar os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os contidos de cada curso. Non obstante, debido a dificultades prácticas, excluíranse da proba todos os estándares e contidos do bloque 2 (producción de textos orais: expresión e interacción). A ponderación de contidos realizarase igual que na avaliación ordinaria.

Para superar a avaliación extraordinaria, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación mínima de 4,5 puntos na proba correspondente.

profesorado poderá realizar as probas de recuperación de avaliación que se precisen para un correcto desenvolvemento da mesma.

6. Medidas de atención á diversidade

Ademais do tratamento da diversidade contemplado nas pautas metodolóxicas xerais, en caso necesario o profesorado adoptará algunha das seguintes medidas de atención á diversidade previstas na lexislación:

Actividades de reforzo: Poderán realizarse actividades de reforzo e consolidación co alumnado que non progrese adecuadamente. Poderán usarse as fichas de materiais fotocopiábeis do libro de texto ou fichas preparadas polo profesorado. Tamén poderán realizarse as actividades por medios electrónicos como a aula virtual.

Actividades de ampliación: Poderán realizarse actividades de ampliación de contidos co alumnado que teña unha competencia na lingua galega moi superior á do resto do alumnado do seu grupo. Poderán usarse os mesmos medios impresos ou electrónicos que no caso anterior, a realización de traballos sobre libros, filmes, etc.

Adaptación dos procedementos de avaliación: No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, os procedementos de avaliación adaptaranse segundo corresponda, incrementado o tempo de realización das probas ou empregando probas ou instrumentos de avaliación alternativos.

Adaptación do currículo: No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe ou con discapacidade, especialmente para a comprensión ou expresión oral, o profesorado da materia, en colaboración co departamento de orientación, propondrá a realización dunha adaptación do currículo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X			X		
ET.8 - Creatividade.			X	X		X		X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X		X		X		X	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.		X		X		X		X
ET.11 - Pluralidade lingüística.	X	X	X		X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Creatividade.	
ET.9 - Igualdade de xénero.	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	
ET.11 - Pluralidade lingüística.	

Observacións:

Os seis primeiros elementos transversais trátanse de xeito habitual nunha materia que ten como obxectivo o desenvolvemento da comunicación a través de medios diversos, a análise textual e a redacción de textos. Os elementos restantes trátanse incidentalmente nas unidades didácticas centradas en temas afectivos, sociais ou laborais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe a Lisboa	Na primeira avaliación, para coñecermos as posibilidades da nosa lingua	X		
Participación no ¿Son da Noca¿. Radio escolar	O alumnado terá a oportunidade de realizar programas de radio sobre o temario	X	X	X
Día de Castelao e Día de Rosalía	O alumnado desenvolverá diferentes traballos creativos e académicos sobre as dúas figuras		X	
Revista do centro: O Besbello Saltón.	Traballaremos sobre a elaboración de artigos para a revista			X
Concursos literarios: ¿Toloscontoscurtos¿ e ¿Saboroso son dos versos salgados¿	Animaremos a participación do alumnado neste concurso de creación literaria.			X

Observacións:

A viaxe a Lisboa é a única actividade extraescolar realizada polo departamento para 2º de Bacharelato. As datas coincidirán cos derradeiros días lectivos de decembro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Medidas de atención á diversidade
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Outros
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.

Descrición:

O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa práctica docente con respecto dos indicadores de logro nunha escala de 1 (nunca) a 4 (sempre).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A adecuación da programación didáctica será avaliada regularmente nas reunións mensuais de departamento. Tomarase nota das propostas de revisión que se realicen nestas reunións, e na reunión final do mes de xuño valoraranse de novo de cara a incorporalas nas programacións do curso seguinte. As conclusións máis salientábeis serán recollidas na memoria final.

9. Outros apartados